

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 11-2014 DA SESION ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- DIA 28/08/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTÁNS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG) INCORPORASE AS 20:10H.

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Patricia Fernández Hernández

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL, E LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCIZO DO 2014.-

4º.- FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2015.

5º.- MOCIONS DE URXENCIA.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 10 Sesión ordinaria do día 31/07/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E

ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2014 ata o 31/07/2014, que comprenden os números 347/2014 ao 421/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

-- Acta Nº 14 da Sesión ordinaria do día 22/07/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL, E LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCIZO DO 2014.

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, de ser o caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2014 polo alcalde deste Concello.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Á Intervención Municipal emitiu o 13/08/2014 o informe ao orzamento así como o informe de avaliación do cumprimento polo orzamento definitivo dos obxectivos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2014, do que o resumo por capítulos é o que se detalla:

Estado de gastos:

CAP	CI
1	2.430.807,16 €
2	2.591.705,42 €
3	278.732,24 €
4	156.636,61 €
6	547.886,64 €
8	2.000,00 €

9	1.071.953,88 €
Total	7.079.721,95 €

Estado de ingresos:

CAP	PI
1	2.215.468,22
2	74.248,29
3	1.399.564,63
4	2.877.801,98
5	2.000,00
7	508.638,83
8	2.000,00
Total	7.079.721,95

Segundo: Dar conta do informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF e aprobar o límite de gasto non financeiro por 6.160.161,23 €, de acordo co seu artigo 30. Este límite máximo ten en conta os gastos financiados coas subvencións previstas no orzamento. No caso de que, como consecuencia da concesión de novas subvencións durante o exercicio e, incremento do gasto financeiro, só computarase a achega municipal, xa que o gasto financiado con subvención non supón un incumprimento da regra de gasto.

Terceiro: Resolver o informe da Intervención Municipal do 13/08/2014 e aprobar inicialmente as bases de execución do orzamento.

Cuarto.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal nos termos que figuran no anexo que se recolle deseguido.

Quinto.- Que se expoñan o orzamento e o cadro de persoal polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sexto: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo de aprobación inicial do orzamento e do cadro de persoal consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sétimo: Coa entrada en vigor do orzamento deberán anularse os expedientes de modificación orzamentarias seguintes: transferencias de crédito 1, 5, 6, 18, 19, 20 e 22/2014 e xeracións de crédito 2, 3, 4 e 10/2014, así como todas aquelas modificacións que se realicen antes da vixencia do orzamento e estean incluídas nas previsións iniciais.

ANEXO I.- CADRO PERSOAL-PLANTILLA (Orzamento exercizo 2014)

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
<u>ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL</u>				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaria	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular do posto
1	Interventora	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular dende abril
1	Tesoureiro	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular dende abril

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
2	Auxiliares administrativos	C2	18	2 ocupadas x titulares das prazas
1 segunda	Administrativo (reservada a actividade Policía Local)	C1	18	1 ocupada por Policía Local en segunda actividade
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante ocupada por Func. interino.
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 ocupada polo titular da praza
2 segunda	Oficial Policía (1 reservada a actividade)	C1	18	1 ocupada polo titular da praza 1 vacante non ocupada
8	Policías Municipais	C1	18	6 ocupadas polos titulares das prazas 2 vacantes / 1 ocupada en CS outra non ocupada
3	Conserxes	Agrup.Prof.	14	3 ocupadas polos titulares das prazas
1 Varredor	Operario de Servizos conserxe pavillón)	Agrup.Prof.	14	1 ocupada polo titular da praza
PERSOAL LABORAL FIXO				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.				
1	Auxiliar administrativos	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
(SAX) Servizo de informática				
1	Técnico superior de Informática (enxeñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
(DOSB) unidade de parques e xardíns.				
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais				
2	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13)
5	Operarias limpeza	V	Fixo,T.Parc.	Vacante (PEEPR nº 14,16,17, 18,19)
(DOSB) unidade de obras				

1	Encargado Obras e Servizos Básicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Técnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)
1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
<i>(DXU) unidade de dinamización xuvenil</i>				
1	Responsable oficina información xuvenil (Técnico Información Xuvenil)	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
<i>(DEC) unidade de biblioteca</i>				
1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
<i>(DEC) Unidade de educación de adultos</i>				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo, T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo, T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 29)
DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
<i>(DBSI) unidade de atención primaria</i>				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo, T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
<i>(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica</i>				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo, T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turístico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Técnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
OUTRO PERSOAL LABORAL				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
2	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		

3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		
1	Fontaneiro	V		
1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco.Licenc. Empresariais Intervención	I		
1	Monitor Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		
1	Traballadora Social	II		
2	Auxiliares de Policía	IV		
POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO				
1	Arquitecto ARI	I		
1	Auxiliar administrativo ARI	IV		

>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 21/08/2014, sendo este favorable.

Asemade o alcalde apunta en relación coa proposta que trátase dun proxecto na liña dos anos anteriores, cun orzamento equilibrado nos gastos e ingresos e suficiente como ben sostén o informe económico financeiro. Nunha liña ascendente chegan aos 7.079.721 desde os 6.498.230 euros. E fai as seguintes apreciacións:

- O Proxecto leva atraso debido principalmente a que sufrimos mudanzas administrativas importantes no transcurso dos últimos meses que demoraron a súa presentación, novas esixencias de comunicación ao ministerio de facenda así como anuncios de modificacións das condicións de pago do plan de axuste que aconsellaba agardar por elas para favorecer reducións de xuros dos créditos dispoñíbeis. Non obstante optamos por presentarnos para neste último trimestre do ano acompañar orzamentariamente e con cobertura suficiente as subvencións ás que se accedeu, os compromisos de emprego adquiridos e as actuacións en colaboración con outras administracións das que se dará boa conta no apartado de investimentos. Tamén pretendemos que axiña se aproben estes orzamentos nos poñamos mans á obra cos seguintes para que nun prazo razoábel os substitúan.
- Seguimos no bo camiño e recollen novamente o importante compromiso de amortización do capital que se adebeda, co horizonte do 2015 como remate do plan de saneamento encetado no ano 2009. Importante por canto no orzamento se recolle nada máis e nada menos que a redución do que se debe á banca dun millón setenta mil euros, na mesma liña do ano anterior que nos converteu nun dos concellos con menos débeda por habitante da comarca. Esta liña de redución constante fará que se pase a finais deste ano dos tres aos dous millóns de euros de

débeda viva. Esta pasou nestes últimos anos do 101% ao 33% neste fin de ano. ¡Que non poderíamos facer no Concello en vez de dalo aos bancos poder dispoñer dese millón!. Mais axiña, seguindo neste camiño trazado poderase empregar en investimento máis produtivo ao ter devolto o empréstamo.

- Quería tamén sinalar que o goberno de Rajoy e Feijoo teñen moito que ver con estes orzamentos pois veñen baleirando de contido a autonomía local e poñendo directamente atrancos para impedir que estes proxectos resposten á soberanía directa desta administración e teñan que cumprir os ditados que desde Madrid se impoñen, eles regulan desde Madrid os gastos dos concellos, impedindo usar o remanente de tesourería positivo para facer fronte a gasto social, educativo ou investimento ou ao pequeno provedor. Cando hai aforro ou remanente de tesourería o prioritario é pagar á banca amiga, e se sobra: ao resto. Seguen recortando prestacións na Xunta e Deputación polo que nos obriga a pagar nós o que antes pagaban outras administracións. Seguen prohibindo repoñer persoal que se xubila ou enferma buscando privaticemos servizos e paguemos o que podería acometerse con efectivos do concello. Teñen anulado axudas en alfabetización de adultos, prevención de drogas, deporte, promoción económica, cultura.... Ou subvencionan con cantidades ridículas que inviabilizan o proxecto. Aumentan a obriga de presentar informes colapsando servizos municipais que deberían estar centrados en resolver problemas de Rianxo. Son algunhas das trabas impostas que pouco a pouco deberemos ir solventando.

Incorporase a sesión a concelleira Hadriana Ordoñez Otero sendo as 20:10 h.

Continua o alcalde explicando que os orzamentos Recollen diferentes apartados: Memoria Alcaldía, Informe económico financeiro, estado ingresos e gastos, liquidación 2013, anexos persoal, bases de execución, avaliación grao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria...

Finalizando di que son orzamentos realistas, que seguen a folia de ruta trazada polo Plan de Axuste aprobado polo Ministerio de Facenda e o 2012. Unha estela que debemos seguir de xeito rigoroso e constante mentres dure a súa vixencia. Velaí que estes Orzamentos queren seguir as indicacións aprobadas polo plan na mellora da xestión dos ingresos e na contención dos gastos correntes. Mais sen renunciar a manter prestacións e servizos para a veciñanza de Rianxo até onde nos sexa posíbel. A vontade do equipo de goberno é soste prestacions sociais aínda que fallen os recursos doutras administracións. De manter os postos de traballo nesta empresa que é o concello porque é a única garantía de mantemento de actuacións, de obras ou de servizos para os veciños de Rianxo cando se nos cortan os investimentos de fora. De empregar todos os recursos posíbeis en xerar emprego directo: con programas de cooperación, coas brigadas forestais, coa escola taller, contratando cando hai baixas con listas de agarda... Mantemos as axudas e subvencións coas entidades sociais, culturais, deportivas e festivas do concello, agardando ir mellorando pouco a pouco unha colaboración hoxe limitada polo plan de axuste antes mencionado.

Os investimentos desde fora, doutras administracións son poucos, escasos, para Rianxo e para outros concellos. Hai unha merma considerábel e xeralizada nas subvencións que a Xunta dirixía aos concellos, nos convenios, nos programas de cooperación, nas escolas obradoiro, etc, nas axudas a programas e investimentos culturais e deportivos... Aínda así estamos presentes buscando a cooperación con outros municipios ou colaborando xerando emprego, por exemplo coas brigadas de medio ambiente onde somos os únicos de todo o Barbanza que colabora con dez persoas, ou a escola taller reducida pero que permitirá acceder a un posto de traballo a cinco persoas durante varios meses.

O alcalde remata dicindo que ademais en vez de recibir os concellos unha maior participación no financiamento nacional estase a recibir vía subvencións finalistas, especialmente en materia de persoal, dando a sensación que son mais traballadores doutras administracións que do concello, e para prestar servizos municipais sería o desexable (así acontece coa brigada de incendios).

O alcalde ofrece a palabra para defender os orzamentos ao concelleiro de facenda.

Ábrese o **DEBATE**:

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, comeza dicindo que xa sabe que resulta difícil defender os orzamentos deste exercizo partindo de que se traen xa percorrido incluso o mes de agosto pero comprométese a que non volva a suceder e cumprir coa obriga de ter os próximos en vigor para o 01/01/2015; engade que outros concellos tamén se retrasan aínda que isto non poder ser desculpa.

O primeiro que quere dicir é que as previsións de ingresos e gastos seguiron criterios obxectivos e realistas, atendendo ao principio de prudencia. Son uns orzamentos continuístas co do 2013, isto é: continuísta na contención do gasto, no incremento das inversións reais, nas partidas económicas en servizos sociais para atender as persoas con menos recursos, nas transferencias económicas a favor das entidades deportivas, sociais, culturais e colectivos sen fin de lucro, continuísta tamén no incremento do aforro neto positivo así como na redución da débeda financeira. Concluindo son continuístas en garantir a estabilidade orzamentaria, coa cobertura total das operacións correntes, os gastos de funcionamento do concello e os investimentos previstos.

O Concelleiro de Facenda comeza a desagregar o orzamento que presenta os seguintes datos:

Ingresos 7.079.721,96€

Incremento do 5,63% (377.688€) con respecto ao pasado exercicio (6.702.033).

GASTOS 7.079.721,96€

A cuantificación das dotacións realizáronse de acordo co gasto do exercicio anterior de modo suficiente co gasto previsto para esta anualidade.

Continuase coa contención de gastos non financeiros, que nos garante estabilidade orzamentaria

Gastos correntes non financeiros 5.457.881€ (77,91%)

2013: 5.453.606€ (77,91%)

AFORRO NETO: POSITIVO

As previsións presupostarias entre ingresos e gastos presentan un **aforro bruto de 1.389.93393€**.

De cumprirse as previsións do orzamento, unha vez deducidas a partida de xuros da débeda e a anualidade teórica de amortización de capital, (1.168.953,88€),

Resultado : **aforro neto positivo 220.980,00€**.

Este maior valor positivo permitirá aplicar a excepcionalidade de destinar o superavit á redución do endebedamento neto, o que quere dicir que **este concello porá dispor do superavit orzamentario para investimentos ou calquera outro concepto que considere**.

DÉBEDA VIVA.

O endebedamento financeiro previsto a 31/12/2014 é de 2.197.512,48€, o que, ao peche deste exercicio a débeda viva do concello ao finalizar o ano será do 33,62%.

A débeda financeira existente a 31/12/2013 cifrábase en **3.269.466,36€**. **Deducidas as amortizacións previstas para este exercicio (1.071.953,88€), o nivel de endebedamento previsto a 31/12/2014 sitúanos moi por debaixo do límite do 75%.**

Endebedamento por habitante 281,03€

Media galega 278€/hab.

Media estatal 755€/hab

Este **volumen de endebedamento inferior ó 75% dos recursos ordinarios do concello, xunto co aforro**

neto positivo citado permítenos, en caso necesario, concertar novas operacións de crédito.
Desglose de Ingresos e Gastos

INGRESOS

Cap.I IMPOSTOS DIRECTOS: 2.215.468,23€ (31,30€ dos ingresos totais)
(29,01% de participación)

Este capítulo comprende o Imposto de Bens Inmóviles e dos Terreos de Natureza Urbana, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Vehículos,

IBI 1.492.812€. Incremento do 7,43% (103.273€) con respecto a 2013.

Este incremento ben dado pola aplicación da Lei estatal de 2013 que fixa determinados incrementos nos tipos de gravame do imposto a aplicar sobre bens inmóviles urbanos.

Cap. II. IMPOSTOS INDIRECTOS: 74.248,29 (210)

Derivados dos Impostos de Construcións, instalacións e obras.

Cap.III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS e outros: 1.399.564,63€ (19,77%)

Incremento de 8,88% (114.206€) con respecto a 2013 (1.285.358€). Variación porcentual do 8,16%

Observacións sobre o incremento

Lixo. O incremento da taxa do lixo como consecuencia da evolución do padrón.

Auga e saneamento. Os ingresos vinculados ao abastecemento da auga e saneamento experimentan un incremento vinculados a evolución de altas no servizo.

Voo-solo-subsolo. A taxa pola utilización do voo, solo e subsolo tamén experimenta un incremento por parte das empresas subministradoras.

Cap. IV TRANSFERENCIAS CORRENTES: 2.877.801,98€.

2014: 40,65% de participación 2013: 45,55

Diminución do 5,10% (174.664€) con respecto a 2013: 3.052.465€. Valor porcentual de - 6,06%.

Este capítulo de ingresos de natureza non tributaria no que constan transferencias e subvencións correntes (FCL - SAF Dependencia - POS - Plan Concertado - reflicte unha redución nos ingresos con respecto o ano anterior de **5,72%** (174.664€). Redución que provén fundamentalmente da Participación dos Tributos do Estado, por deducir os reintegros das PTE correspondente ós anos 2008 e 2009.

Cap. V Transferencias de capital: 508.638,83€ (7,19% participación 5,87 2013)

Incremento do 29,28 (115.229) con respecto a 2013 (393.409€)

Corresponde a actuacións financiadas e incluídas no orzamento en concepto de investimentos.

GASTOS

- Gastos de persoal.....	2.430.807 (34,00%)2.388.078	(33,24)
- Gastos correntes bens/servizos....	2.591.705 (36,60%) 2.541.884	(38,17)
- Transferencias correntes	156.636 (2,12) 115.740	(1,61)
- Inversións reais	547.886 (7,74).....	523.266	(7,28)
- Pasivos financeiros	1.071.953 (15,14).....	1.018.124	(14,17)

Capítulo I PERSOAL : 2.430.807€ (34%)

(2013: 33,24- 2.388.78€)

De acordo co cadro de persoal e coas retribucións que lle corresponden, este capítulo **continúa mantendo practicamente a mesma porcentaxe dentro do capítulo de gastos que para si quixeran moitas empresas de índole privado**, cumpríndose así o establecido na lei do pasado decembro que impide o incremento do persoal ao servizo do sector público. Acadase incluso dispoñendo de persoal que noutras administracións está vinculado por un contrato administrativo de servizos (Persoal técnico para xestión propia de recadación ou o Persoal técnico da ARI), e aínda tendo que seguir a dispoñer de Conserxes e Persoal de limpeza nos colexios que o correcto era que o puxera a consellería de Educación.

O Total reducido de gastos de persoal ascende a 37.710,05€. De acordo co Plan de axuste a redución tería que ser de 60.000€. A diferenza deberá compensarse con outras medidas que acaden capacidade de financiamento. Deberá xustificarse na liquidación o cumprimento ou incumprimento do Plan de axuste.

Cap.II GASTOS DE BENS E SERVIZOS: 2.591.705,42€ 36,60% participación

38,17 en 2013

A consignación de crédito por importe de 2.742.158€, supón pasar do 38,17% do 2013 ó 36,60% deste exercicio (-150.453€)

Redución do 5,48 %

As dotacións orzamentarias realizáronse consignando partidas suficientes par aqueles apartados que non teñen gastos fixos.

Acción social. Contéplanse as partidas necesarias para continuar co programa de atención e axuda no fogar así como no apartado de Igualdade e de emerxencia social.

Accións formativas e programas de axuda para a xuventude e o emprego Continuase apostando pola formación en mozos e adultos con programas e cursos que cubran os catro trimestres do ano. Contemplando a posta en marcha dun **Obradoiro de Emprego**.

En deportes, continuase apoiando o deporte base e ás entidades deportivas do concello, así como os programas deportivos dedicados á xente maior, todo esto sen obviar as actuacións necesarias para a mellora e mantemento das instalacións deportivas existentes.

En cultura continuase apoiando as iniciativas dos diferentes colectivos culturais do concello ao tempo de configurar un importante programa anual cultural.

Obra e Servizos, Medio ambiente, Turismo, Comercio, Industria, Novas Tecnoloxías, Mar e Urbanismo contan con partidas específicas.

Neste mesmo capítulo dous consignanse as partidas orzamentarias necesarias para, entre outros,

- **Continuar coa tramitación do PXOM**

- **Canon anual da piscina: 77.218€**

- **Realización do inventario de bens municipais**

CAPITULO III e IX GASTOS FINANCIEROS e PASIVOS FINANCIEROS

Inclúe a amortización dos préstamos e os pagos dos xuros mais de outros gastos financeiros (total 1.350685€).

Amortización préstamos.....1.071.953€ (15,14 porcentaxe de participación)

Gastos financeiros 278.732€ 3,93

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES: 156.636 2,12

2013: 115.740€ 1,61 participación

Contéplanse os créditos por achegas económicas do Concello a:

- Mancomunidade de Municipios Arousa Norte
- 11 entidades deportivas do concello,
- Asociación Sociocultural A Moreniña
- Fundación Amigos de Galicia e Asociación Galega do Pobo Saharauí.
- Escola de Música de Rianxo e
- Colexios do Rural Agrupados.
- Casa do Mar

CAPITULO VI.- INVESTIMENTOS REAIS: 547.886,64€ 7,74

2013: 523.266€ 7,28

Saneamento no Lugar da Casilla por importe de 95.753€ (Dipu)

Pavimentación de acceso á Praia das Cunchas 90.182€ (Dipu)

Mellora do firme do Campo de Arriba e Concello. 60.000€ (Dipu)

Mellora da pavimentación de diversas vías mun. 154.815€ (Dipu)

Mellora de camiños de titularidade municipal ... 50.684€ (XG+Concello)

Dotación de mobiliario Centro Sociais 30.000€

Reposición de infraestrutura de uso xeral 42.361€ (XG+Concello)

Financiado con recursos propios do concello 15.680€ (concello)

Como así consta no informe de intervención, **é de significar que neste capítulo de investimentos** non se contabilizan as actuacións que realiza o Persoal de Obras e Servizos Municipais por importe aproximado a 500.000€ o que eleva os investimentos reais a cantidade de 1.000.000€

Especialmente importantes son as relacionadas coa reposición e ampliación en vías, rede de saneamento e de abastecemento de auga municipal, que si se imputan no capítulo de Gastos Correntes

En resumo, son uns orzamentos REALISTAS acorde cos tempos actuais que GARANTEN A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, a cobertura total das operacións correntes, os gastos do funcionamento do Concello e os investimentos previstos.

Comenta que o concello de Rianxo conta con tres funcionarias con habilitación de carácter estatal incluíndo a Tesoureira, posto reservado do que non dispoñen outros concellos da zona aínda mais grandes, sendo un garante do cumprimento da normativa

O partido PSOE está a recibir a culpa da débeda existente pero esa inversión permitiu contar cun parque empresarial, punto limpo, saneamento e depuradoras, centro de saúde e moitas cousas das que estima que debese enorgullecer porque están dando servizos aos

rianxeiros. Ademais do dito, este orzamento da cobertura aos servizos do concello, se supera o aforro neto do ano pasado e chegase a un superavit do 8% para outras necesidades. A débeda financeira é de 2.197.000€ que supón un porcentaxe do 22,60% o que abre a posibilidade de que o concello de Rianxo poda acudir a novas operacións de endebedamento sen necesidade de autorización. Continuase apoiando o deporte base, eventos culturais, necesidades sociais, etc. Tamén destaca o departamento de obras que afronta gran número de actuacións de pequenas obras de arranxo directo polo persoal, aparte de aquelas que se levan acabo vía procedemento licitador correspondente.

Remata dicindo que hai moitos proxectos que lles gustaría levar a cabo pero que non contan co apoio financeiro da Xunta de Galicia nin do Estado.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que o PP non vai a santificar o orzamento cando se deben cartos a provedores do ano pasado. Sorpréndelle que se alegre de que teña débeda cando despois non se cumpren as obrigas orzamentarias. Non lle queda claro canto se debe, semella que se está máis preto dos tres millóns que dos dous. Ademais non poden votarse balóns fora, sendo o culpable outras administracións, o goberno municipal ten as facultades de organización, decisión e xestión. Por último di que as infraestruturas das que fala fixéronse na maior parte co financiamento do Estado ou da Comunidade Autónoma, o que habería que ter estudado e non facer obras “faraónicas” mais aló das posibilidades de posterior mantemento e dotación de persoal para cada instalación que supoñen agora non facer todo o uso delas. Hai que facer cousas adaptadas aos veciños e ao tamaño do concello segundo os recursos dos que se dispón, e así poder prestalas en condicións, sen deben cartos a ninguén.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que como voceira do BNG esta de acordo cos orzamentos e prefire que o concello se endebede en tanto garante a prestación dos servizos. Aproveita para contestarlle a voceira do Partido Popular que o único que fai o PP é aprobar normativa que impide dar as axudas que os cidadáns e os concellos precisan.

Os veciños de Rianxo teñen os servizos e non poden verse afectados porque o Estado ou a Comunidade Autónoma non cumbran; e se fai fronte á situación da débeda por imperativo legal, aparte dos provedores que teñen dereito a que se lle pague. E ilo resposta ao que prometeron no seu programa político cando se presentaron as eleccións.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, pide intervir por alusións da voceira do Partido Popular, quere amosarlle a alegría que lle da ter débeda e poder afrontar todas as necesidades, ve que a voceira do PP non o entende, agora o Concello de Rianxo non ten “conexión co Estado nin coa Comunidade Autónoma porque non se aveñen a afrontar financiamento para arranxar e poñer en funcionamento outros inmobles que lles gustaría mercar para poñer a disposición dos veciños, ¿quere que peche a piscina? O concello non o vai permitir.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que non lle permite que a infravalore porque ela tampouco o fai, simplemente lle fai ver que non se pode “tirar a casa pola fiestra” hai que axustarse ás dispoñibilidades orzamentarias. Pregúntalle qué obras se fixeron no bipartito da Xunta de Galicia.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que esas obras se fixeron de 2006 a 2011 e, entre elas, dille que está o centro de saúde de Rianxo, a Gardería ... Que supuxeron cincuenta e cinco millóns, estando o bipartito na Xunta e o PSOE no Estado. Comprometese a aportarlle unha lista das obras que se fixeron para o concello durante esa época.

O alcalde, para pechar, lembra o informe que emite a interventora o 13/04/2014 sobre a estabilidade orzamentaria no que o capital vivo é de 2.215.468,22€.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo pide intervir para puntualizar que xa se sabe que na conta xeral figuran mais de tres millóns na débeda, asemade, fronte aos concellos que presumen de non deber, no Concello de Rianxo podemos acreditar que estamos a pagar nuns oitenta días.

O alcalde quere aclarar que segundo das épocas o concello dispón de mais ou menos liquidez (como acontece cando se cobra o IVTM ou IBI) a isto engádese a tramitación que determinados expedientes precisan, e que os remanentes non se poden utilizar directamente para pagar a provedores e rebaixar a débeda, momento no que se atopa a sorpresa de que o Ministro Montoro impón que primeiro se debe acudir á banca e logo a ese remanente. Hasta a xente está a poñer lápidas con mención do nome deste Ministro polo ruín que está a ser. Espera chegar ao equilibrio como fan as familias, e así como estas ás veces tense que recorrer a operación de financiamento para afrontar as necesidades ou melloras para os veciños. Cree que a piscina, centro de saúde ou o polideportivo son os mellores medios para garantir a saúde da veciñanza, o día de mañá esas persoas derivaran menos custes para a rede de saúde, farmacia e custes hospitalarios. Concorde coa voceira do PP que non se pode, nin se esta, na época de facer obras faraónicas, o que non se pode facer e pechar instalacións abertas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 5 dos do PSdeG-PSOE, e 5 votos en contra (os 5 membros do PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2015.

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Visto o escrito do Delegado Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, interesando se lle comunique os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2015, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Publicado no Diario Oficial de Galicia do 13/06/2014 o Decreto 67/2014, do 28 de maio, polo que se determina o Calendario laboral para o ano 2015 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: “ *serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*”.

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2015, os seguintes días:

- 16 de xullo: festividade do Carme.
- 18 de setembro: Venres de Guadalupe.

Segundo: Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS, do día 25/08/2014, sendo este favorable.

O alcalde comenta a proposta en base as solicitudes como concello mariñeiro que é para a festa do Carme en lugar do martes de carnaval.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que o PP tamén sabe doutras solicitudes pedindo outras festividades e que habería que estudar.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que ten a súa razón de ser o da petición do día do Carme e sendo Rianxo unha vila do mar e correcto. Non lle constan outras peticións e na mesa local de comercio informouse favorablemente. Engade que o do Carme será así agás que coincida fin de semana.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que non lle consta outras peticións e de habelas se poderán mirar para outros anos, sempre que se soliciten oficialmente para o seu estudo, nunca se vai a contentar a todo o mundo.

O concelleiro do BNG Xoan Vincenzo Ces Rodríguez quere expoñer o seu voto particular en tanto se declaren festivos en base a festividades patronais, a pesar de ser este un país laico, por ilo amosa a súa discrepancia e estará a favor doutras opcións que non foran desta índole.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 14 votos a favor (4 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP) , 1 abstención dun membro do BNG e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocions de urxencia.

5.1.- MOCION DO PSOE INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A ESTENDER O SUBSIDIO DE DESEMPREGO ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN QUE CAREZAN DE INGRESOS E TEÑAN RESPONSABILIDADES FAMILIARES, ASÍ COMO A OUTROS COLECTIVOS CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE INSERCIÓN.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo xustifica a urxencia no feito de que esta a afectar a un número elevado de familias que vai incrementándose.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por**

unanimidade, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A longa duración da crise, xunto a un sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias se vaia esgotando día a día.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2014, hai 5.616.011 persoas en situación de desemprego, das cales só 1.773.573 perciben algún tipo de prestación. O artigo 35.1 da Constitución consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que "todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo".

Para as persoas desempregadas que, malia a súa vontade, se ven impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispón que "Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais abondo ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. "

Segundo a Enquisa de Poboación Activa referida, hai 3.842.438 persoas desempregadas que carecen de todo tipo de protección. A estas persoas, ademais do dereito ao traballo, tamén se lles conculca o dereito á súa protección en caso de desemprego.

Esta situación supón unha grave inxustiza social, máis aínda cando sabemos que moitas delas son persoas en desemprego de longa duración con responsabilidades e sen ningún tipo de ingreso económico. Segundo a Enquisa de Poboación Activa mencionada, máis de 740.000 familias teñen a todos os seus membros no paro e carecen de todo tipo de ingresos. Conculcar o dereito constitucional á protección por desemprego está a provocar, ademais, que esta pobreza tan severa e sobrevida a estean a padecer de forma moi directa os nenos e nenas cos seus proxenitores no paro. Os organismos internacionais como UNICEF estima en máis de 2 millóns o número de nenos e nenas españois en situación de pobreza.

A situación de necesidade de todas estas familias está causada pola súa situación de desemprego. De aí que os poderes públicos, de acordo co inequívoco mandato do art.º 41 da Constitución, deban garantir a asistencia e prestacións sociais abondo ante a situación de desemprego.

Levamos máis de seis anos de profunda crise e, segundo as previsións de organismos internacionais e do propio Goberno, nin tan sequera en 2017 se terá recuperado o volume de emprego existente en 2011. Segundo as persoas expertas neste ámbito, coas políticas actuais, tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

No que vai de ano, o gasto en prestacións diminuíu en 2.236 millóns de euros sobre o ano pasado. Xa son plenamente eficaces os graves recortes que o Goberno asestou á protección por desemprego a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, e do Real Decreto-lei 23/2012, do 23 de agosto. A cobertura por desemprego apenas alcanza un 58 por cento das persoas desempregadas inscritas nas oficinas de emprego. Se se continúa coa mesma dinámica, ao final de ano o gasto en protección por desemprego será 6.000 millóns menos que en 2013. Todo iso a pesar de que a cifra de persoas en desemprego de longa duración e de familias con todos os seus membros no paro continúa en niveis intolerables.

Agora ben, ademais destas persoas, tamén hai outros colectivos especialmente vulnerables que sofren a desprotección e teñen serias dificultades para encontrar emprego. Son as mulleres vítimas de violencia, as persoas con minusvalías e as persoas maiores de 45 anos que, unha vez que esgotaron a Renda Activa de Inserción, non teñen acceso a ningunha prestación.

O Grupo Socialista, a través desta Proposición non de Lei, e en consonancia co acordo alcanzado coas Organizacións Sindicais UGT e CC.OO. na Mesa de Diálogo Social que por fin abriu o Goberno, insta a este a ampliar a protección por desemprego, a través do subsidio por desemprego, regulado na Lei da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño (LGSS).

Trátase dunha extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou esta profunda e prolongada crise.

A través desta Proposición non de Lei esíxese que se garanta o dereito constitucional a unha protección por desemprego mediante o acceso ao subsidio por desemprego a todas as persoas que leven máis dun ano inscritas como paradas, sempre que teñan responsabilidades familiares e carezan de ingresos. E tamén se estende ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas con minusvalías e ás persoas maiores de 45 anos que tivesen esgotado a Renda Activa de Inserción, dada a súa especial vulnerabilidade e dificultades de inserción.

O subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples Mensual (IPREM), vixente en cada momento, na actualidade 426 euros mensuais. Dado que este subsidio non está vinculado a anteriores cotizacións senón á carencia de rendas superiores ao 75 por cento do SMI, a súa contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Agora ben, a devandita contía aumentarase en cen euros cando houberse fillos ou fillas menores de idade.

Tamén instamos ao Goberno a que financie a contratación de técnicos e técnicas de emprego polos Servizos Públicos de Emprego, co fin de reforzar a atención individualizada, e así facilitar a incorporación ao emprego das persoas en desemprego de longa duración, dadas as súas dificultades de inserción.

Estas medidas debe adoptalas o Goberno de forma inmediata e con carácter de urxencia, pois neste caso é indiscutible a situación de urxente necesidade que sofren as persoas en desemprego con responsabilidades familiares.

Agora que o Goberno anuncia o cambio de conxuntura económica non é posible deixar as principais vítimas da crise en desamparo, coma se se tratase dunha xeración esquecida.

É necesario dedicar unha atención especial a todas aquelas persoas que están a sufrir a traxedia do desemprego e desenvolver políticas de protección e de activación do emprego.

As medidas que propoñemos poderían alcanzar máis dun millón de persoas paradas, na súa maioría con responsabilidades familiares, que nestes momentos non teñen ningún tipo de ingreso.

Por todo iso, **o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN na que se insta ao Goberno de España a:**

1. Modificar, de forma inmediata e con carácter urxente, o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño, para que se amplíe de urxencia a protección por desemprego no seu nivel a asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.

2. Non obstante o establecido no apartado anterior, este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción

ou se encontrasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude do dereito á admisión ao devandito Programa.

Este subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples mensual vixente en cada momento. Esta contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzasen a menores de idade, esta contía incrementarase en 100 euros por menor. A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente algunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

3. O Goberno impulsará de xeito inmediato coas Comunidades Autónomas e os interlocutores sociais un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.

4. Este Plan incluirá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novos técnicos e técnicas de emprego para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, como mínimo, deberá alcanzar as 3.000 persoas expertas en orientación e promoción de emprego.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, fai unha reflexión dicindo que polas políticas de emprego anteriores chegamos a este punto.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que o PP coas súas reformas laborais e o pago aos ladróns dos bancos téñennos levado a este situación. O cidadán da pé que cando ten nómina faille fronte como pode ás súas obrigas e outros sen embargo con “posibles” (e non quere dar nomes) os falsean ou teñen contas no estranxeiro.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, resposta que é cansina a referencia ao pasado, e a a actuación e o goberno no PP levounos e está a levarnos a actual situación.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 10 dos do PSdeG-PSOE), abstencións 5 (os dos membros do PP) e cero votos en contra dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.2.- MOCION DO PSOE EN CONTRA DOS RECORTES NA LEI DE DEPENDENCIA E SOLICITANDO MÁIS ORZAMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O concelleiro Joaquín Domínguez Salgado xustifica a urxencia na lamentable situación a que avoca estes recortes e, que polo seu carácter social merecen esta moción.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante o goberno de José Luís Rodríguez Zapatero aprobouse a Lei 39/2006, do 14 de decembro, denominada de “Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia”, e coñecida como a Lei de Dependencia. Esta lei foi aprobada cun alto grao de acordo das forzas políticas parlamentarias, ademais de contar coa participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais e o movemento asociativo. España avanzaba con esta Lei cara á consolidación do estado social e democrático de dereito que proclama a nosa Constitución, xa que nos encontramos ante unha norma legal cunha enorme transcendencia, posto que se vai ocupar de regular a protección da dependencia, á que se cualifica como o “cuarto pilar do Estado do Benestar”. E debe recoñecérselle a conveniente importancia, porque a dependencia foi unha materia á que só indirectamente se prestara atención mediante diferentes prestacións enmarcadas fundamentalmente no ámbito de protección do sistema de Seguridade Social (pensións por grande invalidez ou invalidez non contributiva).

A Lei recoñece o dereito subxectivo das persoas que non poidan valerse por se mesmas a ser atendidas polos poderes públicos, un dereito universal para toda a poboación con garantía pública. Para poñelo en marcha establece a cooperación de todas as administracións implicadas e creábase o Sistema para a Autonomía á Dependencia, que contaba cun calendario de implantación que se analizaría de forma gradual ata 2015.

Ata novembro de 2011 o Sistema foise implantando segundo o previsto. Naquel momento, un 80,7% de persoas beneficiarias enquisadas consideraban positiva ou moi positiva a atención que recibían. En decembro de 2011, poucos días despois da constitución do actual Goberno presidido por Mariano Rajoy, decidiuse paralizar o calendario de aplicación da lei, impedindo ás persoas con dependencia moderada acceder a unha prestación ou servizo.

Nos primeiros Presupostos Xerais do Estado que elaborou o Goberno do Partido Popular, e correspondentes ao ano 2012, eliminouse a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros. Nos anos 2013 e 2014 o goberno de Mariano Rajoy volveu a suprimir o nivel de financiamento previsto na Lei de Dependencia

O Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade introduciu numerosas modificacións na regulación do Sistema que causaron enorme prexuízo ás persoas en situación de dependencia. Entre elas destacan:

- A supresión dos dous niveis en que se dividía cada grao.
- A redución nun 13% da achega da Administración Xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo.
- A redución nun 15% da prestación económica por coidados no ámbito familiar.
- A revisión da regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais, cuxas cotizacións pasan a ser exclusivamente ao seu cargo.
- A aplicación dun prazo suspensivo de ata dous anos para as novas prestacións económicas por coidados no ámbito familiar.
- Unha nova revisión do calendario para atrasar aínda máis a entrada de dependentes moderados.
- A introdución dun réxime de incompatibilidades das prestacións.
- A exclusión do silencio positivo ao recoñecemento das prestacións económicas para coidadores no ámbito familiar

A iso hai que engadir que a Resolución do 13 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, aproba os criterios e contidos sobre capacidade económica e participación do beneficiario no custo das prestacións para a autonomía e atención á dependencia. Os novos criterios, aínda non publicados mediante Real Decreto, supoñen un importante incremento do copagamento. Pero ademais, permítese ás comunidades autónomas establecer unha maior participación do beneficiario no custo dos servizos e das prestacións económicas; medida á que desgraciadamente se sumou o goberno da Xunta de Galicia.

En definitiva, o Goberno do Estado reduciu o contido esencial do dereito e realizou importantes recortes orzamentarios, co dramático resultado de que os beneficiarios están a recibir servizos e prestacións claramente insuficientes; ao tempo que se encontran sen atender centos de miles de persoas en situación de dependencia.

Polo que respecta ao financiamento estatal do Sistema hai que destacar o enorme retroceso que sufriu: de soportar o 40% do custo do sistema no ano 2009, a Administración Xeral do Estado pasou a facerse cargo do 19% en 2013. Neste período, a achega das comunidades autónomas tamén sufriu modificacións, e o copagamento das persoas usuarias duplicouse.

A esta política de desmantelamento do sistema de dependencia impulsada polo Goberno de Mariano Rajoy temos que engadir a compracencia do Goberno de Galicia, que lonxe de tratar de frear o impacto destes

recortes das persoas usuarias traballou para situar a Galicia entre as comunidades autónomas cun comportamento peor en todos os parámetros:

- A media do gasto público de persoa dependente atendida en Galicia é de 6.515 euros, fronte aos 6.979 euros de media do Estado; e moito por debaixo doutras comunidade autónomas do norte con semellante distribución demográfica que chegan 8.057 euros.
- O gasto en dependencia por habitante e ano é en Galicia de 91,92 euros; a metade que en Cantabria, por exemplo, e un 16 % menos que no conxunto do Estado en valores absolutos.
- Desde o ano 2011 non deixan de descender as persoas con dereitos a prestacións recoñecidas, se daquela estábamos en 89.640 persoas, o cómputo total de 2013 é de 56.835 persoas con dereito recoñecido das cales máis de 18.000 seguen no limbo, é dicir, sen recibir ningún tipo de prestación.

En definitiva, coa chegada do Partido Popular ao goberno do estado, na práctica, estase a baleirar de contido o dereito á promoción da autonomía persoal e atención á dependencia. Ademais, de estarse a vulnerar o principio de igualdade, xa que non existe un contido mínimo común de dereito, e os principios inspirados do Sistema: carácter público das prestacións, universalidade, equidade e accesibilidade, están claramente cuestionados.

As decisións dos gobernos do Estado e de Galicia leváronnos a unha situación na que resulta evidente a necesidade de reformular o Sistema. Existe un alto grao de consenso entre responsables políticos de todos os ámbitos, profesionais e beneficiarios respecto a que, neste momento, é necesario intervir para garantir de forma efectiva o dereito das persoas en situación de dependencia; e para iso debe crearse un grupo de traballo específico cos representantes dos grupos parlamentarios, que realice unha avaliación sobre a lei, as modificacións levadas a cabo, a súa aplicación, os seus resultados, así como para analizar que medidas son necesarias para manter e garantir a sostibilidade do Sistema.

Por todo iso, **o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN:**

1. Amosar o máis enérxico rechazo do Concello de Rianxo aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006 do 14 de decembro e coñecida popularmente como Lei de Dependencia; xa que están a producir un sufrimento inmerecido a milleiros de galegos e galegas.
2. Instar ao goberno da Xunta de Galicia para que:
 - Se estableza as partidas necesarias nos orzamentos da Xunta de Galicia dos vindeiros anos para que o gasto público por persoa dependente atendida sexa, polo menos, superior á media do Estado e se equipare coa das comunidades autónomas do norte con semellante distribución demográfica que Galicia.
 - Que sexan atendidas todas as persoas dependentes que xa teñen recoñecido algún grao de dependencia, e que aínda están á espera de recibir a prestación ou o servizo que lles corresponde.
3. Instar ao Goberno do Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.>>

O concelleiro Joaquín Domínguez Salgado comenta a proposta e como tivo lugar a votación da lei do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, puxéronse mais de 12 millóns enriba da mesa para levala a cabo. Menciona a paralización do sistema dende a toma de posesión de Mariano Rajoy como Presidente do Estado, a supresión dos grados de dependencia e nestes anos o incremento do pagamento a custear polos beneficiarios, as persoas que neste ano teñen dereito é moi inferior ao do ano pasado, como consecuencia de esas actuacións, por ilo estima preciso efectuar esta proposta.

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, rexeita comentar nada ao respecto.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, apoia a proposta fronte a desfeita que está a facer o goberno do PP. Actualmente os dependentes están a recibir

cartas onde a Xunta de Galicia lles indica as reducións das achegas e os importes que terán que afrontar.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 10 dos do PSdeG-PSOE), abstencións 0 e 5 votos en contra (os dos membros do PP), dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran formula os seguintes:

P.-¿que é a Sentenza UTE piscina e UTE biblioteca?

O alcalde dille que lle respostará se ben pode adiantarlle que son xuízos interpostos polas empresas que executan esas instalacións, por diferenzas na execución ou importes da obra, de feito inclúense eses montantes no orzamento municipal do 20014. Poralles a disposición as sentenzas.

R.-informe que son os contratos verbais sen cobertura aos que se refire á intervención.

O alcalde di que non sabe exactamente a que se refire pero que o mirará e terá resposta.

Levántase a sesión ás 22:02 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo